

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, O MINISTERIO DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E RELACIÓNS COAS CORTES, A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A COMUNITAT VALENCIANA, A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE ANDALUCÍA, A COMUNIDADE DE MADRID E A UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACION A DISTANCIA (UNED), PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS EN XULGADOS E TRIBUNAIS DE GALICIA, COMUNITAT VALENCIANA, ANDALUCÍA, MADRID, CASTILLA-LA MANCHA, CASTILLA Y LEÓN, EXTREMADURA, ILLES BALEARS, REGIÓN DE MURCIA, CEUTA E MELILLA.

Esta Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de dotación de medios persoais, económicos e materiais ao servizo da Administración de Xustiza, á promoción e o desenvolvemento do dereito civil de Galicia, á demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral, e ao acceso da cidadanía á xustiza en igualdade de oportunidades, tal e como establece o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Antecedentes: Con data 29 de xaneiro de 2021 asinou un convenio de colaboración para a realización de prácticas externas en xulgados e tribunais, entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza, a Comunidade Autónoma de Galicia, a Comunitat Valenciana, a Comunidade Autónoma de Andalucía, a Comunidade de Madrid e a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

Finalidade: Para os efectos sinalados, vaise formalizar co Consello Xeral do Poder Xudicial, co Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, coa Comunitat Valenciana, coa Comunidade Autónoma de Andalucía, coa Comunidade de Madrid e coa Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) un convenio de colaboración por un período de vixencia de catro anos que abrangue dende a súa inscrición no rexistro electrónico estatal de órganos e instrumentos de cooperación do sector público estatal, e que poderá ser prorrogable ó seu termo mediante acordo expreso das partes, por igual período.

O obxecto deste convenio é a realización de prácticas externas polo alumnado matriculado na materia de prácticas académicas, de estudos oficiais de grao e/ou mestrado que imparte a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) e sempre de titulacións relacionadas con profesionais da Administración de xustiza, nos xulgados e tribunais das Comunidades Autónomas de Galicia, Valencia, Andalucía, Madrid, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura, Illes Balears, Región de Murcia, Ceuta e Melilla, e nos xulgados e tribunais daquelas Comunidades Autónomas con traspasos en medidos persoais e materiais que se adhiran ao convenio.



O instrumento convencional que se vai asinar fundaméntase no seguinte:

Por unha banda, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a permitir a realización das prácticas externas obxecto do convenio, ase como a facilitar o acceso do alumnado ás sedes dos xulgados e tribunais.

Por outra banda, as Consellerías das outras Comunidades Autónomas asinantes comprométense ao mesmo que a de Galicia.

Con relación ao resto das Comunidades Autónomas e Cidades Autónomas nas cales non hai transferencia de medios materiais e económicos, o Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes comprométese a permitir a realización das prácticas externas obxecto do convenio, ase como a facilitar o acceso do alumnado ás sedes dos xulgados e tribunais.

E pola outra banda, a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) comprométese a que a persoa ou persoas que exerzan a titoría das prácticas no órgano xudicial poidan gozar dos seguintes dereitos:

- Recoñecemento da súa actividade colaboradora mediante certificado que acredite o seu labor como titor de estudantes en prácticas.
- Ser informados da normativa que regula as prácticas externas, así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- Ter acceso á Universidade para obter a información e o apoio para o exercicio da súa función.
- Gozar do acceso ás bibliotecas, instalacións deportivas ou actividades culturais, entre outras.

A colaboración que prestan o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes e as Comunidades Autónomas de Galicia, Valencia, Andalucía e Madrid estará sempre supeditada ás necesidades e dispoñibilidades do xulgado ou tribunal onde se realicen as prácticas externas.

Establécense dúas modalidades de prácticas externas: curriculares e extracurriculares.

O alumnado será proposto pola persoa que exerza a dirección das prácticas externas da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

A Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) determinará a duración das prácticas externas.

O xulgado ou tribunal onde se realicen as prácticas externas nomeará a persoa ou persoas que exerzan de titores, que fixarán o plan de traballo, orientarán os alumnos e farán un informe avaliando a actividade. O órgano xudicial expedirá un certificado acreditativo da participación dos alumnos.



O convenio non ten contido económico.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O director xeral de xustiza

José Tronchoni Albert

